

ORDENANZA FISCAL NUMERO T10

**Taxa por tramitación de licencias urbanísticas
esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana,
e por tramitación de Proxectos de Urbanización, autorización de guindastres,
segregacións e agregacións.**

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1B), ambos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1998, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por tramitación de licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, que se rexirá pola presente Ordeñanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo ó que se refire a vixente lexislación do solo e ordenación urbana que houberan de realizarse no termo municipal, solicitadas ou non, se axustan a tal normativa e á urbanística vixente neste concello, e concretamente:
 - a) Os actos de edificación e uso do solo, tales como as parcelacións urbanísticas, os movementos de terra, as obras de nova pranta, a modificación da estructura ou aspecto exterior das edificacións existentes, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos, a demolición de construccóns, a colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública, os peches e valados de fincas e demás actos que sinale o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente en cada momento.
 - b) Os actos relacionados na letra anterior que promovan órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público, agás nos supostos exceptuados pola lexislación aplicable en cada caso.
 - c) Os actos de edificación e uso do solo realizados por particulares en terreos de dominio público, sen prexuízo das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte do ente titular do dominio publico.
 - d) A tramitación de proxectos de urbanización, a autorización de guindastres para o seu emprego na actividade constructora, e a autorización de segregacións e agregacións.

2. Non estarán suxeitas á taxa as obras de mero ornato, conservación e reparación interior das vivendas.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuientes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan propietarios dos inmobles nos que se realicen os actos de edificación e uso do solo descritos nas letras a) e b) do artigo 2º.1 desta Ordenanza, quen resulten propietarios dos actos de edificación e uso do solo en terreos de dominio público e quen soliciten a tramitación de proxectos de urbanización, a autorización de guindastres, segregacións e agregacións.
2. Terán a condición de sustitutos do contribuínte:
 - a) As Administracións Públicas propietarias do dominio público sobre o que se realicen actos de edificación e uso do solo ó que se refire a letra c) do artigo 2º.1 desta Ordenanza.
 - b) E, en todo caso, terán a condición de sustitutos do contribuiente os constructores e contratistas que executen as obras.
3. Serán responsables da debida tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
 - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
 - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Base Impoñible.

Constitúe a base impoñible da taxa.

- a) O custo real e efectivo, de contrata, da obra civil cando se trate de movementos de terra, obras de nova pranta e modificación de estructuras ou aspecto exterior das edificacións existentes, e na tramitación de Proxectos de Urbanización.
- b) O número de vivendas ou locais cando se trate de licencias de primeira ocupación, e de guindastres.
- c) O valor sinalado dos terreos e construccíons a efectos do imposto sobre Bens inmobles, cando se trate de parcelacións, de segregacións, agregacións, ou de demolición de construccíons.

Artigo 5º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame xeral do 0,6 por 100 (cero sesenta por cento), agás no caso de licencias de primeira ocupación, que será do 0,10% (cero dez por cento) do presupuesto de execución material da obra do edificio ou local previsto no proxecto, independenemente delo, se como consecuencia da visita de inspección e comprobación realizada se constatase a existencia de obras legalizables non amparadas pola licencia, efectuarase sen perxuízo da súa legalización unha liquidación complementaria debendo aboarse ademáis por este concepto o 0,20% do presupuesto das obras legalizables referidas, que será fixado polo arquitecto municipal de acordo cos módulos vixentes segundo a normativa aplicable, e sen perxuízo do expediente contradictorio que poida incoarse para a súa determinación en caso de discrepancia do interesado que deberá acompañar relación valorada de unidades de obra e asinada por técnico competente.
2. Non obstante, cando a cuota tributaria así determinada resute inferior ós mínimos que a continuación se sinalan, coa excepción recollida no número 3 deste artigo, aplicaranse estes:

Por obras de nova pranta 100,50- euros.

Por realización de obras menores, reforma ou reparación 50,27- euros.

Por construcción de muros de Peche en casco urbano, por metro lineal,cun mínimo

de 20 metros lineais 1,57- euros.

Idem. en zona rural por metro lineal (mínimo 20 m.) 0,79- euros.

Por parcelación, segregación ou agregación 50,27- euros.

Por prórroga de licencias 50,27- euros.

3. Non será de aplicación o establecido no número 2 anterior ás obras de adecentamento e restauración exclusivamente de fachada e cuberta de vivendas situadas no casco antigo delimitado polo Plan Xeral.

Artigo 6º. Dereito á percepción da taxa.

1. Terase dereito á percepción da taxa e nace a obriga de contribuir no momento en que se presente a solicitude que inicie a actuación administrativa, que non

- se realizará ou tramará sen que se haxa acreditado a realización efectiva do pago.
2. Cando as obras se inicien ou executen sen obte-la oportuna licencia, a taxa percibirase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruirse para a autorización das obras ou a súa demolición se non foran autorizables.
 3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algúun pola denegación da licencia solicitada, pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licencia.

Non obstante, en caso de desistimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licencia, a cota a liquidar reducirase nun 50 por 100, sempre que a actividade administrativa se houbera iniciado efectivamente.

Artigo 7º. Normas de Xestión.

1. A cota tributaria da taxa regulada por esta Ordenanza será esixida en réxime de declaración-liquidación ou autoliquidación, mediante ingreso directo na Tesourería Municipal, polo que ó tempo de presentación da solicitude de licencia ou autorización deberase acreditar haber ingresado na Tesourería Municipal o importe autoliquidado da Taxa.

A autoliquidación abonada non causará máis dereito que a tramitación administrativa da solicitude, con suxección a canto determina a Lei 30/1992, de 26 de Novembro, do Procedemento Administrativo Común. Non faculta, polo tanto, para a realización dos actos de edificación e uso do solo solicitados.

A resolución da solicitude presentada conterá a liquidación provisional da taxa por contía menor, igual ou superior á autoliquidada.

- a) No caso de que a liquidación provisional da taxa sexa de menor contía á autoliquidada a mesma resolución acordará a devolución polo importe indebidamente ingresado.
- b) No caso de que sexa superior farase efectivo o exceso dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria para as débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración.

Artigo 8º.

As persoas interesadas na obtención dunha licencia urbanística presentarán no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando a documentación esixida pola normativa urbanística de aplicación, e debendo acredita-lo ingreso na Tesourería Municipal do importe autoliquidado da taxa.

Específicamente no que atinxe ás licencias de primeira ocupación unha vez finalizada a obra, presentarase a solicitude de licencia acompañada de:

- Cetificación final de obras suscrita polo técnico director das mesmas donde ademais se xustifique o axuste do construído á licencia no seu día outorgada, e o seu caso do certificado final das obras de urbanización que se houberan acometido simultáneamente coas de edificación sempre que se a sua execución corresponda ós particulares.
- Boletín de instalación/certificado I.C. Telecomunicacións (só en edificios de varias vivendas).
- Copia do plano actualizado (se variou respecto ó autorizado pola licencia de obras).
- Copia ou fotocopia da solicitude de alta no I.B.I.
- Copia de licencia de obras.
- Relación de locais/vivendas por pranta (só edificios).
- Fotografía/s exteriores.
- Acta de recepción das obras a que se refire o artigo 6 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de ordenación de edificación (BOE nº 266 de 6.11.1999)- Só para licencias concedidas a partir de 2002.

As licencias de primeira ocupación poderan ter carácter parcial, nos casos en que pola propia natureza do proxecto executado, de edificacións plurifamiliares, ou compostas por pluralidade de locais susceptibles de uso independente, non houberan podido rematarse a totalidade das vivendas ou locais que compoñen o edificio, se ben deberán atoparse totalmente rematados os servizos e partes comúns, sebdo preceptivo o informe favorable do arquitecto municipal.”

Artigo 9º.

1. As liquidacións provisionais elevaránse a definitivas tra-la comprobación administrativa do feito impoñible e da súa valoración, ou polo transcurso do prazo de catro anos contados a partir do día seguinte ó cumprimento da obriga tributaria formal que se establece no número 2 deste artigo.
2. Constitúe como obriga tributaria formal para o suxeito pasivo a presentación, dentro do prazo de 30 días a contar dende a terminación das obras ou actividades suxeitas a esta taxa, da correspondiente declaración na que determine concretamente as obras realizadas e a súa valoración, a efectos da súa constatación cos que figuran na licencia inicial concedida. A súa non presentación dará lugar a infracción tributaria que se sancionará conforme ó establecido nesta Ordenanza.

3. De conformidade con canto prevé o artigo 57.3 da Lei Xeral Tributaria, a comprobación das liquidacións provisionais e práctica das definitivas realizarase por un ou varios dos seguintes medios:
 - a) Prezos medios de mercado, que se aplicarán a cada unidade de obra incluída no Proxecto. A tal efecto a Administración tributaria poderá elaborar un cadro de prezos medios de mercado para as unidades de obra normalmente presentes nos proxectos de obra. Contradicторiamente o suxeito pasivo poderá probar a obtención de mellores prezos por unidades na obra executada mediante a presentación de facturas expedidas en legal forma e identificadas para a obra da cal se estea levando a cabo a comprobación de valores
 - b) Dictame dos servicos técnicos municipais relativo ás unidades de obra executadas conforme ó Proxecto, así como as unidades incrementadas ou variadas.
 - c) Cando por falta de datos a suministrar polos titulares das licencias non se poida chegar en base a eles á valoración real da base impoñible, determinárase ésta por estimación indirecta, fixándose os valores reais con referencia ós que fixan os técnicos municipáis con respecto ós correntes vixentes no sector da actividade correspondente, para o que se terán en conta as valoracións que se efectúen polos diferentes colexios profesionais en relación coa actividade que corresponda, o no seu defecto, polos medios sinalados no apartado a) anterior.
 - d) Tasación pericial contradictoria, que se realizará sempre que o suxeito pasivo a promova, nos termos establecidos no artigo 57.2 da Lei Xeral Tributaria.
4. Ós efectos de canto antecede e de conformidade co autorizado no artigo 142.2 da Lei Xeral Tributaria, os funcionarios municipais expresamente designados en función inspectora, poderán entrar en fincas, locais de negocios e demás establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades sometidas a gravame por esta taxa. Cando o dono ou morador da finca ou edificio ou a persoa baixo a custodia da cal se atope o mesmo, se opuxeran á entrada dos inspectores, levaráse a cabo o seu recoñecemento previa autorización escrita do Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, cando se trate do domicilio particular de calquera español ou extranxeiro, obtendose o oportuno mandamento xudicial.

Artigo 10. Infraccións e defraudacións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuizo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comenzará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011